



Guía Docente				
Datos Identificativos			2012/13	
Asignatura (*)	Enfermaría materno-infantil	Código	661G01018	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Terceiro	Obrigatoria	9
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Rei Serra, Teresa	Correo electrónico	teresa.rei@udc.es	
Profesorado	Rei Serra, Teresa	Correo electrónico	teresa.rei@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Rematado o proceso de ensino-aprendizaxe desta materia obrigatoria, pertencente ó módulo de Ciencias da Enfermaría, os estudantes deberán acadar os coñecementos, habilidades e actitudes necesarios para:</p> <ul style="list-style-type: none"> - prestar coidados integrais á muller en aspectos coma a planificación familiar e a maternidade, alén da promoción e da prevención da saúde, mantendo unha actitude responsable e científica, e - proporcionar coidados ó neno e á súa familia nas diferentes etapas de crecemento e desenvolvemento; incluíndo actividades de prevención das enfermidades nesta época da vida. 			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer a singularidade e as características do neonato, da infancia e da adolescencia.	A42 A43	B1	C1
Recoñecer e valorar a relevancia da familia na atención e coidado do neno.	A46 A48	B14 B15	C1
Recoñecer a importancia do seguimento do crecemento do neno para identificar precozmente trastornos ou signos de alarma.	A43	B1 B3	C1
Comprender a importancia da idade, da etapa de desenvolvemento e dos problemas de saúde á hora de prestar coidados.	A43	B1 B9	C1
Identificar e argumentar as necesidades nutricionais do neno segundo a súa idade, así como contribuir ó desenvolvemento da capacidade dos pais para a cobertura desta necesidade.	A42 A43 A48	B1 B3 B9	C1
Describir os principais procesos patolóxicos na idade neonatal, na infancia e na adolescencia, así coma as probas diagnósticas e os procedementos terapéuticos empregados.	A44 A47	B9	C1
Comprender e describir as necesidades de coidado do neno e da súa familia, identificando e priorizando os diagnósticos de enfermaría e as complicacións potenciais, e planificar coidados relacionados coa especificidade dos pacientes pediátricos e a súa contorna.	A42 A44 A45 A47	B1 B2 B3 B7 B9 B13	C1
Coñecer as diferentes técnicas e procedementos enfermeiros máis usuais na pediatría, a súa indicación e base científica, e relacionalos co problema específico.	A46 A47	B3 B9	C1
Desenvolver intereses, actitudes e sensibilidade pola infancia, a adolescencia e os seus problemas de saúde na sociedade actual.		B14 B15	C7
Coñecer a estrutura do sistema reproductor, comprendendo a fisioloxía destes órganos no proceso de reprodución.	A40		



Descibir o proceso de fecundación, implantación e desenvolvemento fetal ata o momento do nacemento.	A40		
Identificar os controis, periodicidade e contidos de educación sanitaria proporcionados ó longo da xestación.		B1 B7 B14 B15	
Aplicar os coidados enfermeiros nas diferentes etapas da xestación.	A41	B2 B3 B7 B10	C1 C7
Proporcionar á xestante educación sanitaria para ensinalle como autocoidarse diante de calquera situación de risco do embarazo.	A41	B1 B2	
Recoñecer signos e síntomas do inicio do traballo de parto e a atención ó parto de urxencia.	A41	B2 B3 B7	C6
Planificar os coidados enfermeiros nas diferentes etapas do puerperio.	A41	B1 B2 B3 B7 B13 B15	
Comprender a fisioloxía da resposta sexual humana e os principais problemas da saúde reproductiva.	A40		
Identificar os diferentes métodos anticonceptivos.	A40	B1 B2 B9	C7
Descibir as Enfermidades de Transmisión Sexual (ETS) máis frecuentes e identificar as diferentes medidas de prevención.	A40	B2 B7 B15	
Planificar coidados enfermeiros nas mulleres con cancro de mama e xinecolóxico.	A40	B1 B2 B3 B7 B9 B15	

Contidos	
Temas	Subtemas
UNIDADE I: REPRODUCCIÓN HUMANA	1.Anatomía dos órganos reprodutores 2.Fisioloxía do aparato reprodutor feminino e masculino 3.Resposta sexual humana 4.Gametoxénese, fecundación e implantación 5.Control da fertilidade
UNIDADE II: EMBARAZO. PROBLEMAS DE SAÚDE NO EMBARAZO	6.Períodos de desenvolvemento prenatal humano 7.Descrición do embarazo 8 Coidados prenatais 9. Problemas de saúde específicos na xestación



UNIDADE III: PARTO E PUERPERIO	10.Traballo de parto 11.Coidados da muller no parto 12.A dor 13.Parto distócico e intervencións obstétricas 14.Atención inmediata do neonato na sala de partos. 15.O puerperio 16.Problemas de saúde no parto e o puerperio 17.Aspectos psicolóxicos da maternidade e da paternidade 18.Coidados de enfermaría ao neonato
UNIDADE IV: XINECOLOXÍA	19.Prevenção do cancro de mama e xinecolóxico 20.A paciente xinecolóxica hospitalizada
UNIDADE V: INTRODUCCIÓN Á ENFERMARÍA INFANTIL.	1. Evolución dos coidados infantís e situación actual. 2. Períodos da infancia. 3.Morbilidade e mortalidade infantil. 4. O coidado do neno e da súa familia.
UNIDADE VI: COIDADOS DE ENFERMARÍA Ó NEONATO.	5. Adaptación á vida extrauterina. 6. Clasificación do neonato segundo peso e idade xestacional. 7. Valoración de enfermaría. 8. Nutrición: Lactancia materna. Lactancia artificial. 9. Coidados de enfermaría ó neonato de alto risco.
UNIDADE VII: ATENCIÓN DE ENFERMARÍA Ó NENO SANO.	10. Crecemento e desenvolvemento do neno. 11. Inmunizacións en pediatría: calendario de vacinacións. 12. Nutrición: Alimentación complementaria. 13. Promoción da saúde ó longo das etapas: lactante, preescolar, escolar e adolescente. 14. Prevenção de accidentes na infancia. Educación sanitaria.
UNIDADE VIII: O NENO NO HOSPITAL.	15. Características das unidades asistenciais pediátricas. 16. Reaccións do neno e da súa familia ante a enfermidade e a hospitalización. 17. Atención de enfermaría ó ingreso. Comunicación co neno e coa súa familia. 18. A dor no neno: Intervencións de enfermaría relacionadas co alivio da dor.
UNIDADE IX: COIDADOS DE ENFERMARÍA Ó NENO CON PROBLEMAS DE SAÚDE.	19. Signos e síntomas frecuentes na infancia: febre, vómitos, diarrea, estreñimento, convulsións e dor abdominal. 20. Coidados pre e postoperatorios. 21. Maltrato infantil. 22. Coidados paliativos en pediatría.
PRÁCTICAS DE LABORATORIO:	Coidados xerais ó neonato e ó lactante. Osíxenoterapia e aerosolterapia no neno. Obtención de mostras. Canalizacións de vías periféricas e centrais en pediatría. Preparación, dosificación e administración de fármacos. Reanimación Cardiopulmonar Neonatal. Reanimación Cardiopulmonar Pediátrica.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	3	60	63
Prácticas de laboratorio	8	3	11



Traballos tutelados	4	20	24
Estudo de casos	14	27	41
Análise de fontes documentais	2	14	16
Lecturas	0	4	4
Sesión maxistral	32	32	64
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Proba escrita con preguntas abertas de desenvolvemento e/ou preguntas de resposta múltiple para avaliar, fundamentalmente, a aprendizaxe dos contidos teóricos e prácticos.
Prácticas de laboratorio	Demostración teórico-práctica de técnicas e procedementos para a adquisición de habilidades e destrezas con simulacións e con maniquíes, encamiñados a empregar correctamente os materiais e a executar diferentes técnicas de coidado.
Traballos tutelados	Actividade na que os estudantes, de forma autónoma, profundizan ou relacionan coñecementos expostos polo profesor.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica de saúde que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de estudantes, a través dun proceso de discusión. O/a alumno/a sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.
Sesión maxistral	Actividade na que o profesor expón, de xeito oral e con medios audiovisuais, os contidos teóricos da materia e a orientación bibliográfica dos mesmos, promovendo a discusión e participación activa do alumnado. Rematarase cada exposición cun resumo/conclusión dos puntos fundamentais.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta Traballos tutelados	A atención personalizada relacionada coa proba mixta ten como finalidade atender as consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia. Farase de xeito individualizado, presencial ou a través do correo electrónico. A atención personalizada relacionada cos traballos tutelados ten como finalidade orientar ós estudantes na realización dos traballos. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación



Proba mixta	A proba constará de preguntas curtas e/ou tipo test, relacionadas coas competencias da materia. Puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10. A puntuación mínima para superar a proba será de 5. A CUALIFICACIÓN DESTE APARTADO PARA A PARTE DE ENFERMARÍA INFANTIL COMPUTA O 75% DA NOTA	80
Prácticas de laboratorio	A asistencia as prácticas é obrigatoria no día e hora que corresponda. Farase unha avaliación continua durante as prácticas para valorar o progreso e interese dos estudantes. A CUALIFICACIÓN DESTE APARTADO SÓ COMPUTA PARA A PARTE DE ENFERMERÍA INFANTIL.	5
Traballos tutelados	A avaliación dos traballos farase tendo en conta os seguintes apartados: - Descrición e síntese da información dos contidos ou temas relativos ós traballos. - Utilización de léxico específico. Puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10. A puntuación mínima para superar a proba será de 5.	20

Observacións avaliación

PARA SUPERAR A MATERIA É NECESARIO OBTENIR UNHA CALIFICACIÓN MÍNIMA DE 5 NA AVALIACIÓN DE CADA UNHA DAS PARTES: MATERNAL E INFANTIL.

É NECESARIO OBTENIR UNHA CALIFICACIÓN MÍNIMA DE 5 NA PROBA MIXTA PARA A APLICACIÓN DA PORCENTAXE NA NOTA FINAL.

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Estancias Clínicas VI/661G01030

Estancias Clínicas VII/661G01031

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermería clínica III/661G01017

Enfermería Comunitaria II/661G01019

Materias que continúan o temario

Anatomía/661G01001

Psicoloxía/661G01003

Fisioloxía I/661G01005

Coidados Básicos en Enfermería/661G01006

Fundamentos da Enfermería/661G01007

Nutrición/661G01009

Fisioloxía II/661G01010

Farmacoloxía/661G01011

Enfermería Clínica (I y II)/661G01012

Enfermería Comunitaria I/661G01014

Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/661G01016

Observacións



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías